| **09FEIL03** | Mellora capa de rodadura do camiño dende a Coelleira ao núcleo de Piñeiro (parroquia de San Martiño de Piñeiro) | 30.782,63 | 4.925,22 | 35.707,85 |
| **09FEIL04** | Mellora capa rodadura do camiño dende a estrada D. P. 29-19 a San Martiño de Piñeiro (parroquias de San Xoán do Campo e Piñeiro) | 68.262,50 | 10.922,00 | 79.184,50 |
| **09FEIL05** | Mellora capa rodadura do camiño dende A Raña estrada LU-612 ao límite con Guntín (parroquia de Santiago de Saa) | 108.095,28 | 17.295,24 | 125.390,52 |
| **09FEIL06** | Mellora capa rodadura do camiño dende A Raña a Argonde (parroquias de Santa Marta de Fixós, Saa e San Xoán do Campo) | 98.980,63 | 15.836,90 | 114.817,53 |
| **09FEIL07** | Mellora capa rodadura do camiño dende a estrada D.P. 29-7 a Santa Marta por Reboredo (parroquias Soñar e Santa Marta de Fixós) | 85.328,13 | 13.652,50 | 98.980,63 |
| **09FEIL08** | Mellora capa rodadura do camiño dende A Raña a Lamas (parroquias de Saa, Bazar e Lamas) | 206.081,53 | 32.973,04 | 239.054,57 |
| **09FEIL09** | Mellora capa rodadura do camiño dende a estrada N-540 a Monte de Meda (parroquia de Monte de Meda) | 13.652,50 | 2.184,40 | 15.836,90 |
| **09FEIL10** | Mellora capa rodadura do camiño dende a estrada N-540 a Bazar (parroquias de Calde e Bazar) | 75.088,75 | 12.014,20 | 87.102,95 |
| **09FEIL11** | Mellora capa rodadura do camiño dende a estrada LU-232 a Vilaestévez e estrada D.P. 29-1 (parroquia de San Xoán do Alto) | 66.555,94 | 10.648,95 | 77.204,89 |
| **09FEIL12** | Mellora capa rodadura do camiño dende a estrada D.P. 29-1 A Uceira a Vilar de Poutomillos (parroquia de Poutomillos) | 23.573,19 | 3.771,71 | 27.344,90 |
| **09FEIL13** | Mellora capa rodadura do camiño dende a estrada 612 en Soñar a estrada N-540 por Esperante (parroquias de Soñar e Esperante) | 111.140,22 | 17.782,44 | 128.922,66 |
| **09FEIL14** | Mellora capa rodadura do camiño de Toiriz ao Campo da festa en Cima de Vila (Santiago de Piúgos) | 59.376,28 | 9.500,20 | 68.876,48 |
| **09FEIL15** | Mellora capa de rodadura do camiño da estrada LU-234 a Aez por Maira (parroquia de Camoira) | 39.220,84 | 6.275,33 | 45.496,17 |
| **09FEIL16** | Mellora capa de rodadura do camiño de Outeiro á estrada LU-232 (parroquia de San Salvador de Outeiro) | 39.732,00 | 6.357,12 | 46.089,12 |

| INTER-VENCIÓN<br><br>Código Proxecto | Obras / Proxectos | Importe FEIL S/ IVE | IVE FEIL | Total FEIL |
|---|---|---|---|---|
| **09FEIL17** | Mellora capa de rodadura do camiño dende O Burgo estrada D.P. 29-1 a Garaloces (parroquia do Burgo) | 37.083,20 | 5.933,31 | 43.016,51 |
| **09FEIL18** | Mellora capa de rodadura do camiño entre Bóveda e San Pedro de Mera por Recimil e Crecente (parroquia de Santalla de Bóveda de Mera) | 107.163,40 | 17.146,14 | 124.309,54 |
| **09FEIL19** | Mellora capa de rodadura do camiño dende a estrada D.P. 29-1 a igrexa de Bacurín (parroquia de Bacurín) | 42.644,70 | 6.823,15 | 49.467,85 |
| **09FEIL20** | Mellora capa de rodadura do camiño dende a estrada LU-232 en Retorta a Torible de Arriba (parroquia de Torible) | 62.795,01 | 10.047,20 | 72.842,21 |
| **09FEIL21** | Mellora capa de rodadura dos camiños dende a estrada LU-232 Ás Campas e igrexa parroquial (parroquia de Santa María Alta) | 65.294,16 | 10.447,07 | 75.741,23 |
| **09FEIL22** | Mellora capa de rodadura do camiño de Milleirós á igrexa de Meilán (parroquia de Santiago de Meilán) | 42.198,85 | 6.751,82 | 48.950,67 |
| **09FEIL23** | Mellora capa de rodadura do camiño dende o núcleo de Bocamaos á estrada LU-234 (parroquia de Bocamaos) | 60.611,46 | 9.697,83 | 70.309,29 |
| **09FEIL24** | Mellora capa de rodadura do camiño dende a N-VI ao límite con Outeiro por Bagueixos e Brea (parroquia de Tirimol) | 123.914,34 | 19.826,29 | 143.740,63 |
| **09FEIL25** | Mellora capa de rodadura do camiño de Fafián a Barcia por Cerracín en Mazoi (parroquia de Pías) | 90.509,63 | 14.481,54 | 104.991,17 |
| **09FEIL26** | Mellora capa de rodadura do camiño de Barcia a Gándaras de Piñeiro por Talleres Ambla e Piñeiro (parroquias de Mazoi e Muxa) | 67.703,50 | 10.832,56 | 78.536,06 |
| **09FEIL27** | Mellora capa de rodadura do camiño dende o paso elevado autovía a Benade a Santa María de Muxa (parroquia de Santa María de Muxa) | 149.612,42 | 23.937,99 | 173.550,41 |
| **09FEIL28** | Mellora capa de rodadura do camiño dende núcleo de Benade a Piñeiro por Gundín (parroquias de Muxa e Benade) | 120.173,71 | 19.227,79 | 139.401,50 |
| **09FEIL29** | Mellora capa de rodadura do camiño dende a N-640 a Caneda por Pedreda, Outeiro e Alvarello (parroquia de Pedreda) | 66.373,73 | 10.619,80 | 76.993,53 |
| **09FEIL30** | Mellora capa de rodadura do camiño dende a N-640 en Rubiás a C-630 en Bascuas (Vilarvente ) (parroquia de Rubiás) | 269.121,41 | 43.059,43 | 312.180,84 |
| **09FEIL31** | Mellora capa de rodadura do camiño dende estrada C-630 a Eirexe por Manzoi (parroquia de Carballido) | 145.562,53 | 23.290,00 | 168.852,53 |
| **09FEIL32** | Mellora capa de rodadura do camiño dende antiga N-VI ao núcleo de S. Vicente (parroquia Coeo) | 65.421,11 | 10.467,38 | 75.888,49 |
| **09FEIL33** | Mellora capa de rodadura do camiño dende paso elevado autovía a Recimil e Igrexa (parroquia de Recimil) | 86.014,01 | 13.762,24 | 99.776,25 |
| **09FEIL34** | Mellora capa de rodadura do camiño dende San Xoán de Pena a estrada de Sarria a Baradas (parroquia de San Xoán de Pena) | 21.665,82 | 3.466,53 | 25.132,35 |
| **09FEIL35** | Mellora capa de rodadura do camiño dende estrada de Sarria por Santa Comba a estrada de Páramo C.P. 29-4 (parroquia de Santa Comba) | 97.900,25 | 15.664,04 | 113.564,29 |

| **INTER-VENCIÓN Código Proxecto** | **Obras / Proxectos** | **Importe FEIL S/ IVE** | **IVE FEIL** | **Total FEIL** |
|---|---|---|---|---|
| **09FEIL36** | Mellora capa de rodadura do camiño da Nacional VI á Igrexa parroquial (parroquia de Santo André de Castro) | 19.842,89 | 3.174,86 | 23.017,75 |
| **09FEIL37** | Mellora capa de rodadura do camiño dende a estrada 234, dirección Adai ata o cruzamento de Amedín (parroquia de San Martín de Ombreiro) | 34.551,58 | 5.528,25 | 40.079,83 |
| **09FEIL38** | Mellora capa de rodadura do camiño dende o cruzamento da Vila, á ponte do Río Mera, dirección Vilachá (parroquia Prógalo) | 30.310,06 | 4.849,61 | 35.159,67 |
| **09FEIL39** | Mellora capa de rodadura do camiño dende a nacional N-640 na Campiña ao paso superior da autovía (parroquia de San Salvador de Muxa) | 39.099,90 | 6.255,98 | 45.355,88 |
| **09FEIL40** | Mellora capa de rodadura do camiño dende a estrada 232 en Astariz, á DP 29-1 en Santo (parroquia San Vicente de Veral) | 16.419,55 | 2.627,13 | 19.046,68 |
| **09FEIL41** | Mellora capa de rodadura en camiño e praza dende o paso inferior da autovía á praza da igrexa parroquial (parroquia de Sta. María de Bóveda) | 45.454,10 | 7.272,66 | 52.726,76 |
| **09FEIL42** | Mellora capa de rodadura en camiño e praza dende a N-640 á Igrexa parroquial e Rego das Dornas (parroquia de Santa María de Teixeiro) | 13.844,31 | 2.215,09 | 16.059,40 |
| | **TOTAL ZONA RURAL (42 OBRAS)** | | | **3.559.668,73** |
| **09FEIL43** | Renovación de cuberta con aproveitamento para uso administrativo, rehabilitación de fachada e incorporación de galería no centro de servizos municipais do Excmo. Concello de Lugo (ronda da Muralla ,nº 197) | 674.195,16 | 107.871,23 | 782.066,39 |
| **09FEIL44** | Renovación de elementos da cuberta da casa consistorial (praza Maior, nº1) | 420.545,26 | 67.287,24 | 487.832,50 |
| | **TOTAL ALCALDÍA (2 OBRAS)** | | | **1.269.898,89** |
| **09FEIL45** | Casa para discapacitados | 516.800,00 | 82.688,00 | 599.488,00 |
| **09FEIL46** | Escola Rural Santa Comba | 172.413,79 | 27.586,21 | 200.000,00 |
| **09FEIL47** | Construción dun edificio destinado a casa da xuventude, situado en San Fiz, na parcela 10-A quinteiro B. do Plan parcial de ordenación do sector sur-K | 840.000,00 | 134.400,00 | 974.400,00 |
| | **TOTAL SERVIZOS SOCIAIS (3 OBRAS)** | | | **1.773.888,00** |
| **09FEIL48** | Construción dun edificio destinado a gardería infantil municipal en San Fiz, na parcela 10-C quinteiro E. do Plan parcial de ordenación do sector sur-K | 630.000,00 | 100.800,00 | 730.800,00 |
| **09FEIL49** | Melloras da instalación eléctrica dos centros escolares (infantil e primaria) públicos | 86.206,90 | 13.793,10 | 100.000,00 |
| | **TOTAL EDUCACIÓN (2 OBRAS)** | | | **830.800,00** |
| **09FEIL50** | Pavimentación vías Cemiterio municipal de San Froilán (I FASE) | 258.620,69 | 41.379,31 | 300.000,00 |
| | **TOTAL SERVIZOS XERAIS (1 OBRA)** | | | **300.000,00** |
| **09FEIL51** | Renovación de Saneamento en Carvalho Calero - (Augas Férreas) | 137.692,29 | 22.030,77 | 159.723,06 |
| **09FEIL52** | Urbanización da av. Duquesa de Lugo (tramo ronda Norte - Monte Faro) - (Albeiros) | 197.878,00 | 31.660,48 | 229.538,48 |
| **09FEIL53** | Peonalización do parque de Frigsa - Fase I | 592.241,38 | 94.758,62 | 687.000,00 |

| INTER-VENCIÓN Código Proxecto | Obras / Proxectos | Importe FEIL S/ IVE | IVE FEIL | Total FEIL |
|---|---|---|---|---|
| **09FEIL54** | Reurbanización da rúa da Industria. Fase I (polígono industrial do Ceao) | 543.388,30 | 86.942,13 | 630.330,43 |
| **09FEIL55** | Pavimentación e servizos na avenida de Ramón Ferreiro | 598.269,88 | 95.723,18 | 693.993,06 |
| **09FEIL56** | Urbanización da rúa Monte Adairo. Fase I - (As Gándaras) | 297.234,47 | 47.557,52 | 344.791,99 |
| **09FEIL57** | Pavimentación e servizos na rúa Mallorca (A Milagrosa) | 144.946,88 | 23.191,50 | 168.138,38 |
| **09FEIL58** | Pavimentación de beirarrúas na rúa Río Sil (Paradai) | 120.216,52 | 19.234,64 | 139.451,16 |
| **09FEIL59** | Pavimentación de beirarrúas na rúa Alexandre Bóveda (Paradai) | 111.368,80 | 17.819,01 | 129.187,81 |
| **09FEIL60** | Renovación de pavimentos na rúa Puro Cora (parque Rosalía de Castro) | 129.133,06 | 20.661,29 | 149.794,35 |
| **09FEIL61** | Pavimentación e servizos en camiño de Pipín (A Piringalla) | 104.992,39 | 16.798,78 | 121.791,17 |
| **09FEIL62** | Pavimentación e servizos na rúa Lavandeira (tramo av. da Coruña - Túnel de Oural) - (Piringalla) | 184.151,72 | 29.464,28 | 213.616,00 |
| **09FEIL63** | Pavimentación y Servicios en las calles Irmáns Vilar Ponte y Dr Fleming | 183.226,93 | 29.316,31 | 212.543,24 |
| **09FEIL64** | Pavimentación e servizos na rúa Fontaneira - (Sagrado Corazón) | 98.150,46 | 15.704,07 | 113.854,53 |
| **09FEIL65** | Pavimentación e servizos na rúa Cidade de Vigo - (San Roque) | 75.359,40 | 12.057,50 | 87.416,90 |
| **09FEIL66** | Urbanización do contorno do campo de fútbol Anxo Carro - 2ª Fase | 371.120,69 | 59.379,31 | 430.500,00 |
| **09FEIL67** | Iluminación pública na rúa Primavera e adxacentes - (Fontiñas) | 199.586,21 | 31.933,79 | 231.520,00 |
| **09FEIL68** | Abastecemento e saneamento en Galegos | 174.934,71 | 27.989,55 | 202.924,26 |
| **09FEIL69** | Renovación de saneamento en Estrada da Granxa - (Augas Férreas) | 8.299,02 | 1.327,84 | 9.626,86 |
| | **TOTAL ENXEÑERÍA (19 OBRAS)** | | | **4.955.741,68** |
| **09FEIL70** | Mellora dos contornos ou espazos públicos urbanos do acceso leste á cidade de Lugo: zonas verdes, rotondas e medianas na prolongación da avenida de Infanta Elena, entre Ponte Romai e rúa Monforte | 66.620,52 | 10.659,28 | 77.279,80 |
| **09FEIL71** | Mellora dos contornos ou espazos públicos urbanos do acceso ó campus universitario da cidade de Lugo: rotonda na av. Carbalho Calero | 5.756,40 | 921,02 | 6.677,42 |
| **09FEIL72** | Mellora dos contornos ou espazos públicos urbanos do acceso oeste á cidade de Lugo: rotondas e medianas da av. de Breogán | 50.326,36 | 8.052,22 | 58.378,58 |
| **09FEIL73** | Mellora dos contornos ou espazos públicos urbanos do acceso sur á cidade de Lugo: encontro da av. de Madrid coa ronda das Mercedes e ronda de Fingoi | 5.321,05 | 851,37 | 6.172,42 |
| **09FEIL74** | Adecuación zona verde Costa da Viña. Ampliación parque de Marcos Cela | 278.410,16 | 44.545,63 | 322.955,79 |
| **09FEIL75** | Rexeneración zona verde pública para adaptala a uso lúdico, ornamental e paisaxístico na rúa Miguel de Cervantes | 32.000,00 | 5.120,00 | 37.120,00 |
| | **TOTAL MEDIO AMBIENTE (6 OBRAS)** | | | **508.584,01** |

| **INTER-VENCIÓN Código Proxecto** | **Obras / Proxectos** | **Importe FEIL S/ IVE** | **IVE FEIL** | **Total FEIL** |
|---|---|---|---|---|
| **09FEIL76** | Reurbanización do contorno de Porta Miñá | 183.011,48 | 29.281,84 | 212.293,32 |
| | **TOTAL CULTURA (1 OBRA)** | | | **212.293,32** |
| **09FEIL77** | Ampliación da piscina cuberta climatizada do parque da Milagrosa | 2.334.954,30 | 373.592,69 | 2.708.546,99 |
| **09FEIL78** | Remodelar pistas de tenis do parque da Milagrosa | 139.352,58 | 22.296,41 | 161.648,99 |
| **09FEIL79** | Construción ximnasio | 284.318,44 | 45.490,95 | 329.809,39 |
| | **TOTAL DEPORTES (3 OBRAS)** | | | **3.200.005,37** |
| **Euros TOTAL** | **CONCELLO DE LUGO** | **14.319.724,17** | **2.291.155,83** | **16.610.880,00** |

**Así mesmo, sométese a coñecemento da Xunta de Goberno Local, para a súa resolución fóra da orde do día, o asunto relativo á Contratación da execución das actividades de ensinanza deportiva e outras complementarias nas escolas deportivas municipais. Aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto. Apertura do procedemento de adxudicación..**

**Xustifícase a urxencia da resolución deste asunto poñendo de manifesto os argumentos contidos na proposta do Ilmo. Sr. Concelleiro Delegado de Deportes, do 13 do xaneiro de 2009, na que se sinala que "En relación co asunto de referencia, proponse por parte desta Concellería a súa inclusión, fóra da orde do día, na sesión da Xunta de Goberno Local do día 14 de xaneiro de 2009, co obxecto de non demorar unha semana máis a licitación deste contrato,tendo en conta que o anterior contrato xa rematou a súa vixencia".**

**En virtude de todo o cal, a Xunta de Goberno Local, tras a declaración de urxencia previa, adoptada por unanimidade de todos os membros presentes, sete dos nove que de feito e de dereito conforman este órgano colexiado, e polo tanto, co quórum de maioría absoluta requirido, adopta o seguinte acordo:**

7/25 **CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES DE ENSINANZA DEPORTIVA E OUTRAS COMPLEMENTARIAS NAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A**

**ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos, así como a documentación que consta neste, e visto o informe proposta do Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 9 de xaneiro de 2009, na parte expositiva do cal se fai constar:

**"ANTECEDENTES**

I. Informe do servizo municipal de deportes sobre as necesidades relativas á contratación para a organización das actividades deportivas e complementarias nas escolas deportivas que se determinen para a execución dos programas deportivos municipais.
II. Informe do departamento municipal de planificación e control de concesións sobre o prezo máximo a incluír no prego de condicións relativo á asistencia técnica de realización de actividades de ensinanza deportiva e outras complementarias nas escolas deportivas que se determinen para a execución dos programas deportivos municipais.
III. Prego de condicións técnicas que rexerá na contratación convocada para a realización de actividades de ensinanza deportiva e outras complementarias nas escolas deportivas que se determinen para a execución dos programas deportivos municipais, elaborado polo coordinador de deportes do Concello con data 21 de novembro de 2008.
IV. Informe de intervención do día 8 de xaneiro de 2009 no que se pon de manifesto a existencia de crédito na partida 4520.22709 do vixente orzamento xeral.
V. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación da execución das actividades de ensinanza deportiva e outras complementarias nas escolas deportivas municipais, redactado polo servizo de contratación do Concello con data 9 de xaneiro de 2009.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.

- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos Servizos de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

Primeira. Segundo se desprende do artigo 19.1 a) da LCSP, pódense considerar contratos administrativos especiais aqueles de obxecto distinto do sinalado no apartado a) do mesmo artigo pero que teñan natureza administrativa especial por resultar vinculados ó xiro ou tráfico específico da Administración contratante, por satisfacer de forma directa ou inmediata unha finalidade pública da específica competencia daquela, sempre que non teñan expresamente atribuído o carácter de contratos privados conforme ó parágrafo segundo do artigo 20.1, ou por declaralo así unha lei.

No caso concreto que nos ocupa cómpre facer unhas consideracións sobre a exclusión da cualificación do contrato como contrato de xestión de servizos públicos ou como contrato de servizos.

No tocante ó contrato de xestión de servizos públicos, non parece axeitada tal cualificación tendo en conta que as actividades de ensinanza deportiva e servizos complementarios que leva a cabo a Concellería de deportes do Concello nas escolas deportivas, non parecen un servizo público no senso que contempla a lexislación local e de contratos xa que, por unha parte, non están comprendidas na enumeración de servizos mínimos de competencia municipal no artigo 26 da LRBRL e, por outra,  a explotación como servizo público requiriría a previa aplicación do artigo 116 da LCSP, isto é, ter determinado o seu réxime xurídico básico e ter declarado expresamente que as devanditas actividades quedan asumidas polo Concello como propias do mesmo, tendo en conta ademais que o programa de actividades deportivas é determinado e definido polo propio servizo municipal de deportes, variando cada ano en función das prioridades marcadas pola propia concellería.

En canto á cualificación do contrato como de servizos, a mesma debe rexeitarse se se ten en conta que neste suposto os servizos ou actividades non se prestan á Administración , senón ós cidadáns.

Segunda. Segundo se desprende do artigo 19.2 da LCSP, os contratos administrativos rexeranse en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción pola propia lei e as súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e no seu defecto, as normas de dereito privado. Non obstante, aos contratos administrativos especiais, como é o presente caso, seranlles de aplicación ás súas normas específicas. O réxime xurídico dos contratos administrativos especiais

obriga a prescindir do requisito da clasificación dado que este aplícase segundo o artigo 54 da LCSP ós contratos de servizos por presuposto igual ou superior a 120.000 euros, exclusión que, para os contratos administrativos especiais confirman os informes da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de 17 de marzo de 1999 e de 30 de xaneiro de 2002.
Terceira. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén , con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.
O procedemento de adxudicación elixido é o aberto, de acordo co previsto nos artigos 122 e 141 e seguintes da LCSP. Os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo segunda do prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola LCSP.
Cuarta. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndelle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, fóra da orde do día e tras a declaración de urxencia previa, adoptada por unanimidade de todos os membros presentes, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES DE ENSINANZA DEPORTIVA E OUTRAS COMPLEMENTARIAS NAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS cun presuposto máximo de 634.164,83 euros durante a primeira anualidade.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán na licitación dos traballos sinalados no parágrafo anterior, sendo o seu teor literal o seguinte:

**“PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES DE ENSINANZA DEPORTIVA E OUTRAS COMPLEMENTARIAS NAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.**
**-----------------------------------------------------------------------------------------------**

## PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto do presente contrato a prestación das actividades de ensinanza deportiva e outras complementarias incluídas dentro da programación da Concellería de deportes nas escolas deportivas municipais, segundo o prego de prescricións técnicas elaborado polo coordinador de deportes do Concello de Lugo.
O presente contrato contén a seguinte codificación segundo a nomenclatura da Clasificación Nacional de Produtos por Actividades 1996 (CNPA-1996):
92.6 ..... - ..... SERVIZOS DEPORTIVOS ..... - ..... -
92.61 ..... - ..... Servizos de xestión de instalacións deportivas ..... - ..... -
92.62 ..... - ..... Outros servizos deportivos n.c.o.p. ..... - ..... -
92.62.1 ..... - ..... Outros servizos deportivos ..... 964b ..... -
92.62.12.10 ..... 92.621 ..... Servizos de clubes e escolas deportivas ..... - ..... -
C.P.V: 92620000-3 Servizos relacionados cos deportes

## SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Trátase dun contrato administrativo especial, recollido e regulado no artigo 19 da LCSP e que ten por obxecto a prestación das actividades de ensinanza deportiva e outras complementarias incluídas dentro da programación da Concellería de deportes nas escolas deportivas municipais
Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos Servizos de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 194 da LCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ostenta as prerrogativas de interpretar o contrato

administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os efectos da mesma.
Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

**TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO**
A duración do presente contrato é de DOUS ANOS contados a partires da formalización do contrato administrativo, podendo ser obxecto de prórroga por acordo expreso do órgano de contratación que será obrigatorio para o contratista, por períodos anuais, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas poida exceder de CATRO ANOS.
Antes da finalización do contrato ou das prórrogas realizadas, o Concello procederá a convocar unha nova licitación. Se esa nova licitación quedase deserta ou non estíbese adxudicada, por calquera causa, ó día seguinte do remate do contrato, o Concello de Lugo poderá esixir ó contratista a continuación dos servizos incluídos no contrato e nas mesmas condicións por un período máximo de SEIS MESES.

**CUARTA. PREZO DO CONTRATO**
O valor estimado do contrato é de 592.677,43 euros mais o 7% de IVE durante o primeiro ano, polo que o presuposto máximo do contrato ascende á cantidade de **634.164,85 euros, IVE incluído**, durante a primeira anualidade.
O valor estimado total do contrato, tendo en conta as posibles prórrogas e a previsión do IPC, é de 2.535.587,32 euros máis o 7% de IVE, polo que o presuposto máximo total do contrato ascende á cantidade de **2.713.078,43 euros, IVE incluído.**
Faise constar a existencia de crédito na partida 4520.22709 do vixente orzamento xeral.

**QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.**
O presente contrato adxudicarase polo procedemento aberto, previsto e regulado polos artigos 122, 141 e seguintes da LCSP.
Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 43 e seguintes da LCSP.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.
Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.
Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 48 da LCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

**SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.**
6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:
a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.
Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.
6.2 A solvencia técnica poderá ser xustificada por un ou varios dos medios seguintes:

a) Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa o importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados

expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.
c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.
d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado no que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo do devandito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose preciso, sobre os medios de estudo e investigación de que dispoña e sobre as medidas de control de calidade.
e) Titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.
f) Nos casos axeitados, indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ó executar o contrato.
g) Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.
h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente.
i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

## SÉTIMA. GARANTÍAS.

Os licitadores terán a obriga de presentar o xustificante de constitución dunha garantía provisional, por importe de **36.360,76 euros**.

O licitador que resulte adxudicatario provisional virá obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 15 días hábiles contados a partir da notificación da adxudicación provisional. De non cumprirse este requisito por causa imputable ó

adxudicatario provisional, o Concello declarará decaída a adxudicación provisional ó seu favor, sendo de aplicación o disposto no artigo 135.4 LCSP.
As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 84 LCSP, isto é:
a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.
b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos esatablecementos sinalados no artigo 84.1.a) da LCSP.
c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 84. 1. a) da LCSP.
Se a mesma garantía provisional se constituíse en metálico ou valores, será potestativo para o adxudicatario aplicar o seu importe á garantía definitiva ou proceder á nova constitución desta última. Neste suposto deberá ser cancelada a garantía provisional simultaneamente á constitución da garantía definitiva.

**OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.**
O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)
O prazo de presentación de proposicións será de **quince días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.**
As empresas presentarán a súa proposición en dous sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras (A), DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, e (B), OFERTA ECONÓMICA.
Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.
Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustifica-la data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de

ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.
Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativa nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

**DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.**

**O sobre denominado (A), documentación administrativa**, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:
- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:
a) DNI do licitador, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.
b) Poder bastanteado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastanteado polo titular da asesoría xurídica do Concello ou por funcionarios do servizo de contratación do Concello habilitados ó efecto. Para isto, presentarase orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres e aboarase a correspondente taxa (9,70 euros aprox.). Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.
- Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica e profesional polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.
- Declaración responsable do licitador na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 49 da LCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.
O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria e o Concello de Lugo, respectivamente segundo se trate de tributos estatais ou municipais e das obrigas de Seguridade

Social mediante certificación expedida pola Tesourería xeral da Seguridade Social.
- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas.
- Xustificante de constitución da garantía provisional (**36.360,76 euros**).
Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou pola xefa do negociado de rexistro deste Excmo. Concello.
No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:
**-** Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.
- Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:
- Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.
- Informe de representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 23-1º da Lei de contratos das administracións públicas.
- Declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.
Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.
**O sobre denominado (B), Proposición Económica**, conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.
Don .........................., con domicilio en .................. e DNI nº .................., expedido o ................, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de ........................, con DNI ou CIF nº ....................), fai constar:
a) Que solicita tomar parte no concurso convocado para a **CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES DE ENSINANZA DEPORTIVA E OUTRAS COMPLEMENTARIAS NAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.**

b) Propón como prezo do contrato a cantidade de .................. euros máis o 7% de IVE (…… euros) durante a primeira anualidade, e unhas melloras valoradas economicamente en ………. euros, IVE incluído.
Tódalas cantidades consignaranse en letra e número.
c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.
d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.
(Lugar, data e sinatura)
**O licitador deberá acompañar á súa proposición a documentación relativa ás melloras ofertadas e ó plan de xestión de persoal.**
O licitador poderá acompañar á súa oferta canta documentación complementaria estime conveniente para a mellor comprensión e xustificación da mesma.

**DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS**
De conformidade co previsto no artigo 295 LCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:
PRESIDENTE: Sra. Concelleira delegada da área de economía e emprego.
VOCAIS:
- O Concelleiro de deportes.
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa
- A titular da asesoría xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.
O acto de apertura das ofertas (sobre B) celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

**DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**
Os **criterios para a valoración** das proposicións e a determinación da oferta economicamente mais vantaxosa serán os seguintes, os cales se sinalan por orde decrecente de importancia e ponderación:
**1. OFERTA ECONÓMICA (ata 4 puntos).**

Obterá a máxima puntuación neste apartado (4 puntos) a proposición do licitador que oferte o prezo máis vantaxoso economicamente para o Concello. Obterán 0 puntos as proposicións dos licitadores que non oferten baixa sobre o prezo de licitación e as restantes proposicións valoraranse de xeito proporcional.

**2. MELLORAS OFERTADAS ( ata 4 puntos).**

Valoraranse neste apartado as melloras aceptadas, cuantificables economicamente, que sexan aplicables á xestión do servizo e que non supoñan un custe adicional para o Concello. O Concello resérvase o dereito a revisar a súa valoración e consideración. As melloras ofertadas deberán estar avaliadas economicamente e obterá a máxima puntuación neste apartado a proposición que presente as melloras mais vantaxosas para o Concello dende o punto de vista económico. Obterán 0 puntos as proposicións de empresas que non oferten melloras e as restantes proposicións valoraranse de xeito proporcional.

A puntuación máxima neste apartado non superará os 4 puntos.

**3. PLAN DE XESTIÓN DO PERSOAL (ata 2 puntos).**

Valorarase especialmente neste apartado as consideracións ou melloras de tipo social que teñan por finalidade a eliminación de desigualdades entre homes e mulleres no mercado laboral, o favorecemento da formación do persoal no lugar de traballo, a garantía ou mellora dos dereitos laborais dos traballadores ou finalidades similares.

**DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA**

1. A adxudicación provisional será efectuada polo órgano competente a proposta da Mesa de Contratación, unha vez obtidos, de ser o caso, os informes técnicos necesarios. Deberá notificarse ós candidatos ou licitadores e publicarse no B.O.P e no perfil do contratante. A adxudicación recaerá sobre a proposta que resulte máis vantaxosa, en apreciación conxunta de tódolos documentos presentados, ou declararase deserta se, na súa apreciación libre e xustificada, ningunha das proposicións presentadas resultase conveniente ós seus fins.

2. A elevación a definitiva da adxudicación producirase unha vez transcorridos quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique a primeira no B.O.P e no perfil do contratante do Concello de Lugo. Neste prazo, o adxudicatario deberá presentar a documentación acreditativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias -incluídas co Concello de Lugo- e coa Seguridade Social, así como o xustificante de constitución da garantía definitiva e o xustificante de aboamento dos gastos de anuncios e do importe dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato

**DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.
No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.
Cando por causas imputables ó contratista non se puidera formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a resolución do mesmo así como a incautación da garantía provisional que, no seu caso, fora constituída, podéndose adxudicar ó licitador ou licitadores seguintes a aquel, por orde das súas ofertas, contando coa conformidade do novo adxudicatario.

**DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO.**
1. Os traballos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (Coordinador de deportes do Concello), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 41 da LCSP.
Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.
2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 194, 195 e 202 da LCSP.
3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.
4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 210 da LCSP, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 211 da LCSP.

**DÉCIMO SEXTA. REVISIÓN DE PREZOS**
Non procederá a revisión de prezos do contrato durante o primeiro ano tralo comezo da prestación dos traballos. Nas restantes anualidades e no caso de prórroga, os prezos de adxudicación poderán incrementarse conforme á variación

experimentada polo Índice de Prezos ó Consumo (IPC) durante a anualidade inmediatamente anterior.
O índice de revisión aplicado ó contrato será invariable durante a vixencia do mesmo e determinará a revisión de prezos en cada data respecto á data final do prazo de presentación de ofertas polo procedemento de concurso. Neste punto estarase por tanto ó que indiquen os artigos 78 e seguintes da LCSP.

**DÉCIMO SÉTIMA. GASTOS**
Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, incluíndose anuncios de licitación e taxas (600 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.
Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

**DÉCIMO OITAVA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.**
- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.
- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.
- O contratista comprométese a adoptar as medidas necesarias, tanto de carácter técnico como organizativo que garantan a seguridade dos datos que lles sexan facilitados ou ós que teñan acceso co fin de evitar a súa alteración, uso inadecuado, perda, tratamento e acceso non autorizado e a gardar sixilo e segredo profesional aínda despois de rematar a relación co Concello de Lugo.
Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

**DÉCIMO NOVENA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS**

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente ó presente prego, ó de prescricións técnicas e demais aspectos contractuais, así como o previsto no TRLCAP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

**Co fin de manter a estabilidade do persoal no emprego, acadar a profesionalización do sector e evitar, na medida do posible, a proliferación de contenciosos á empresa que resulte adxudicataria, subrogarase nos dereitos e deberes que tivera recoñecidos a entidade que realiza actualmente estes traballos contratados, polo que os/as traballadores/as adscritos á empresa saínte que se sinalan na cláusula sexta do prego de prescricións técnicas, pasarán a estar adscritos á empresa que resulte adxudicataria. Achegase como ANEXO a relación de profesionais actuais da empresa adxudicataria.**

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos

seus elementos adscritos ó contrato, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.
Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

**VIXÉSIMA. PAGAMENTO.**
O pagamento efectuarase contra facturas mensuais, unha vez efectuados os controles regulamentarios correspondentes e conformada polo coordinador de deportes do Concello, o Concelleiro de deportes e maila Concelleira delegada da área de economía e emprego.
Nas facturas deberá facerse constar:
- Relación de actividades realizadas e número de horas correspondentes a cada actividade
- Relación de material subministrado, coa indicación da actividade á que corresponde.

**VIXÉSIMO PRIMEIRA. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**
O Concello poderá esixir responsabilidade ó contratista pola infracción dos seus deberes, con independencia do procedente respecto á extinción do contrato.
As infracción cometidas polo contratista clasifícanse en leves, graves e moi graves.
a) Faltas leves.
Terán a consideración de faltas leves:
- As que impliquen irregularidades na observancia das obrigas e deberes contidos neste prego, sen transcendencia directa apreciable na prestación do servizo.
- As que impliquen neglixencia na prestación do servizo e non supoñan unha alteración grave do seu funcionamento.
- A desobediencia leve nas ordes que emanan dos responsables municipais da concellería de deportes e que se diten para a eficaz e normal prestación do servizo.

b) Faltas graves.
Terán a consideración de faltas graves as seguintes:
- A reiteración na comisión de tres faltas leves.
- A desobediencia ás ordes que emanen dos técnicos municipais responsables da animación sociocultural e que se diten para a eficaz e normal prestación do servizo.
- As accións e omisións que alteren a regularidade na prestación do servizo.

- O trato irrespectuoso ós participantes nas actividades, persoal municipal ou axentes da autoridade, así como calquera acción do persoal que supoña un desprestixio do servizo.
- Non acudir ás reunións de seguimento do contrato cando sexa convocado.
- Non gardar o debido segredo profesional respecto dos asuntos que se coñezan en razón dos servizo prestado.

c) Faltas moi graves.

- A utilización das instalacións, elementos ou material adscritos ao contrato para fins distintos dos previstos no contrato.
- Incumprir as normas laborais ou convenio colectivo do persoal a empregar.
- Ceder, arrendar ou subcontratar o servizo sen a debida autorización municipal.
- A acumulación ou reiteración de tres faltas graves cometidas no transcurso dun ano.

As sancións que se poderán impoñer ó contratista como resultado do expediente sancionador instruído para tal efecto serán as seguintes:

a) No caso de faltas leves: multa ata 300 €.
b) No caso de faltas graves: multa de 301 a 900 €.
c) No caso de faltas moi graves: multa de 901 a 1803 €.

A imposición de sancións requirirá a tramitación do oportuno expediente sancionador. No dito procedemento darase audiencia ó contratista, practicándose a información e proba necesaria para a xustificación dos feitos e observaranse as garantías xurídico-administrativas prescritas pola Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no que resulte aplicable.
A resolución do expediente será competencia do órgano de contratación.

**VIXÉSIMO SEGUNDA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.**

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 206, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións técnicas deste contrato.
A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 207 e 208 da LCSP.
Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

**A N E X O**

**DATOS:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| **EMPRESA:** | | | |
| **ENDEREZO:** | | | |
| **LOCALIDADE:** | | **PROVINCIA:** | |
| **PERSOA DE CONTACTO:** | | | |
| **TELÉFONO:** | | **FAX.:** | |

**MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA**

| | | | |
|---|---|---|---|
| **1º ☐ CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA** | | | |
| **NOME:** | | | |
| **ENDEREZO:** | | | |
| **LOCALIDADE:** | | **PROVINCIA:** | |
| **PERSOA DE CONTACTO:** | | | |
| **TELÉFONO:** | | **FAX:** | |
| **ESPECIALIDADES CONTRATADAS:** | | | |
| **PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:** | | | |

*** XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

**2º ☐ COMO MEMBRO DO SERVICIO MANCOMUNADO**
*** Xuntar a acta de Constitución.**

**3º ☐ TRABALLADOR DESIGNADO**
**Nome e Apelidos:**
**Cargo:**

**NOME EMPRESARIO:** **SELO DA EMPRESA**
**D.N.I.:**
**FIRMA:**
**DATA:**

## ANEXO TRABALLADORES

| CATEGORÍA E FUNCIÓNS | ANTIGÜIDADE | HORAS SEMANA | CONTRATO |
|---|---|---|---|
| SERVIZOS XERAIS (FUNCIÓNS DE COORDINADOR PERSOAL) | 4-10-2004 | 39 | INDEFINIDO |
| PROF. TITULAR - COORD. EVENTOS DEPORTIVOS | 1-01-1996 | 34 | " |
| INSTRUCTOR - MONITOR SOS | 1-01-1996 | 34 | " |
| " " | 1-01-1996 | 34 | " |
| " " | 1-01-1996 | 34 | " |
| | 1-01-1996 | 34 | |
| “ | 2-01-2002 | 34 | |
| " " | 16-10-2004 | 34 | " |
| AUX. NON DOCENTE - SOS - MANTEMENTO | 4-11-1996 | 39 | " |
| " " " | 1-01-1996 | 39 | " |
| " " RECEPCIÓN - MANEXO BASE DATOS | 3-01-2002 | 39 | " |
| SERV. XERAIS - LIMPEZA - CONTROL-VIXIANCIA | 3-01-2002 | 39 | " |
| " " " " " | 3-01-2002 | 39 | " |
| " " " " " | 4-03-2002 | 39 | " |
| | 1-07-2003 | 39 | |
| " " " " " | 1-10-2004 | 39 | " |
| SERV. XER. -MANTEMENTO-LIMPEZA-VIXIANCIA | 5-05-1997 | 39 | " |
| " " " " " | 18-07-2005 | 39 | " |
| " " " | 10-05-2002 | 39 | " |

| | | | |
|---|---|---|---|
| " " | | | |
| " " " " " | 10-05-2002 | 39 | " |
| | 2-01-2002 | 39 | |
| " " " " " | 1-10-2004 | 39 | " |
| | 1-10-2004 | 39 | |
| | 1-04-2005 | 39 | |

**PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN CONVOCADA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ENSINANZA DEPORTIVA E OUTRAS COMPLEMENTARIAS NAS ESCOLAS E MODALIDADES DEPORTIVAS QUE SE DETERMINEN PARA A EXECUCIÓN DOS PROGRAMAS DEPORTIVOS MUNICIPAIS**
**-------------------------------------------------------------------------------------------**

**PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO.**
Constitúe o obxecto do presente contrato a contratación para a realización de actividades de ensinanza deportiva e outras complementarias, nas escolas e modalidades deportivas que se determinen para a execución dos programas deportivos municipais, nas instalacións do Concello, reservándose a Concellería ou o Servizo de Deportes a programación, control e dirección técnica das actividades que promove.
O presente contrato contén a seguinte codificación segundo a nomenclatura da Clasificación Nacional de Produtos por Actividades 1996 (CNPA-1996):
92.6 ..... - ..... SERVIZOS DEPORTIVOS ..... - ..... -
92.62.1 ..... - ..... Outros servizos deportivos ..... 964b ..... -
92.62.12.10 ..... 92.621 ..... Servizos de clubes e escolas deportivas ..... - ..... -

**SEGUNDA.- EXTENSIÓN MÍNIMA DO SERVIZO**
O número de persoal, a súa especialización, o número de horas de servizos que se van prestar e as actividades que se van a realizar son as que a continuación se recollen:

| **Actividade** | **Núm. horas semanais** | **Meses** | **Núm. mínimo persoas** | **Categoría profesional** |
|---|---|---|---|---|
| Servizos Xerais( Funcións coordinador persoal) | 39 | 12 | 1 | Servizos Xerais |
| Coordinador eventos deportivos | 34 | 12 | 1 | Profesor titular |
| Monitor natación e socorrismo | 204 | 12 | 6 | Instrutor |
| Monitor natación e socorrismo | 20 | 10 | 1 | Instrutor |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Monitor natación e socorrismo | 12 | 7 | 1 | Instrutor |
| Baloncesto | 20 | 8 | 1 | Profesor auxiliar adxunto |
| Baloncesto | 18 | 8 | 3 | Instrutor |
| Tenis | 16 | 8 | 2 | Instrutor |
| Ximnasia rítmica | 8 | 8 | 1 | Profesor auxiliar adxunto |
| Limpeza, control e vixilancia | 273 | 12 | 7 | Servizos xerais |
| Limpeza, control e vixilancia | 51 | 1 | 2 | Servizos xerais |
| Mantemento, limpeza e vixilancia | 446 | 12 | 12 | Servizos xerais |
| Socorrismo e mantemento | 78 | 12 | 2 | Auxiliar non docente |
| Socorrismo e mantemento | 7 | 9 | 1 | Instrutor |
| Socorrismo e mantemento | 14 | 2 | 1 | Instrutor |
| Socorrismo e mantemento | 49 | 1 | 2 | Instrutor |
| Recepción e manexo base datos | 39 | 12 | 1 | Auxiliar non docente |
| Monitor 3ª idade | 10 | 8’5 | | Instrutor |

**TERCEIRA.-DURACIÓN DO CONTRATO**

O prazo de duración do contrato será de DOUS ANOS contados a partir da data de sinatura do correspondente contrato administrativo, podendo prorrogarse por mutuo acordo , cunha antelación mínima dun mes antes da finalización daquel, por períodos anuais, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de CATRO ANOS, sempre que as partes non denuncien este cunha antelación de, polo menos un mes, á finalización do contrato ou de calquera das súas prorrogas .

Antes da finalización do contrato ou das prórrogas realizadas, o Concello de Lugo procederá a convocar unha nova licitación. Se esta nova licitación quedase deserta ou non estivese adxudicada, por calquera causa, ó día seguinte do remate do presente contrato ou das prórrogas realizadas, o Concello de Lugo poderá esixir ó contratista a continuación dos servizos incluídos no contrato e nas mesmas condicións por un período máximo doutros seis meses.

**CUARTA.- PREZO DO CONTRATO**

O orzamento máximo do contrato ascende a cantidade de 634.164,85 euros anuais (incluído IVE e beneficio industrial) para cada un dos anos da duración do contrato, sen prexuízo das revisións que correspondan. Non obstante, o prezo do contrato será ofrecido polo adxudicatario na súa oferta.

As empresas deberan ofertar un prezo unitario por horas para as diferentes categorías profesionais, que a continuación se relacionan, en caso de ter que realizarse algún servizo extraordinario:

Servizos Xerais
Profesor titular
Instrutor
Profesor auxiliar adxunto
Auxiliar non docente

**QUINTA.- FUNCIÓNS DO PERSOAL A CONTRATAR**

A) SERVIZO DE SOCORRISMO E PRESTACIÓN DE ENSINANZA DEPORTIVA

O persoal debera posuír a titulación oficialmente recoñecida de Salvamento Acuático e primeiros auxilios.

Este persoal estará presente en todo momento na zona do vaso durante os horarios de apertura do baño

Funcións:

- vixiar permanentemente o vaso da piscina
- socorrer a todos os bañistas e demais persoas que se atopen na instalación
- colaborar no traslado de accidentados.
- responsabilizarse da organización de medios e materiais o seu cargo
- facer cumprir a normativa da seguridade e as normas de comportamento
- supervisar o correcto estado do vaso, “andenes”, “corcheras” e demais elementos que afecten o baño e contribuír a corrixir os fallos de ubicación, na medida das súas posibilidades así como colaborar no seu mantemento para o correcto desenvolvemento da actividade.
- abrir o vaso e pechalo unha vez rematado o baño
- manter en todo momento o necesario decoro persoal e a debida corrección e respecto ós usuarios.
- colaborar co persoal de mantemento e limpeza para o correcto estado da auga e praia podendo realizar labores complementarias a estes.
- colaboración co resto do persoal da instalación para control de usuarios, cumprimento de normativa, adecuación de material didáctica, …
- impartir cursos de natación tendo plena responsabilidade de control, seguridade e organización dos alumnos ó seu cargo, así como a avaliación da progresión, obxectivos e recursos.
- dispoñer e utilizar adecuadamente o material didáctico dispoñible, así como facer bo uso do mesmo, mantendo en todo momento ordenado e almacenado correctamente.

B- PERSOAL DE LIMPEZA

A limpeza abarca a totalidade das dependencias e instalacións, incluído, pavimento, chan, portas, ventas, mobiliario, beirarrúas exteriores e calquera outro elemento análogo.

As horas de limpeza diarias poderán modificarse en función das necesidades do servizo que serán notificadas a empresa cunha semana de antelación.

Durante o peche anual realizarase unha limpeza a fondo de todos os espazos, equipamentos, teitos, cristais, aseos, vestiarios, papeleiras, mesas, cadeiras, …de toda a instalación.

Diariamente realizarase a limpeza en toda a instalación, así como a retira de residuos das papeleiras, esta limpeza farase da forma menos molesta para os usuarios, non entorpecendo o normal funcionamento da instalación.

C- SERVIZOS XERAIS
O persoal de servizos xerais realizara tarefas de mantemento das diferentes instalacións para facilitar tanto a realización das actividades de ensinanza deportiva como da practica deportiva.

**SEXTA.- SUBROGACIÓN DO PERSOAL**
O adxudicatario está obrigado a subroga-los traballadores da empresa saínte que teñan contrato indefinido a data actual, coas obrigas e dereitos que o respecto sinala a lexislación aplicable, segundo o seguinte cadro:

| **CATEGORÍA E FUNCIÓNS** | **ANTIGÜI DADE** | **HORAS SEMANA** | **CONTRATO** |
|---|---|---|---|
| SERVIZOS XERAIS (FUNCIÓNS DE COORDINADOR PERSOAL) | 4-10-2004 | 39 | INDEFINIDO |
| PROF. TITULAR - COORD. EVENTOS DEPORTIVOS | 1-01-1996 | 34 | " |
| INSTRUTOR - MONITOR SOS | 1-01-1996 | 34 | " |
| " " | 1-01-1996 | 34 | " |
| " " | 1-01-1996 | 34 | " |
| | 1-01-1996 | 34 | |
| “ | 2-01-2002 | 34 | |
| " " | 16-10-2004 | 34 | " |
| AUX. NON DOCENTE - SOS -MANTEMENTO | 4-11-1996 | 39 | " |
| " " " | 1-01-1996 | 39 | " |
| " " RECEPCIÓN - MANEXO BASE DATOS | 3-01-2002 | 39 | " |
| SERV. XERAIS - LIMPEZA -CONTROL-VIXIANCIA | 3-01-2002 | 39 | " |
| " " " " " | 3-01-2002 | 39 | " |
| " " " " " | 4-03-2002 | 39 | " |
| | 1-07-2003 | 39 | |
| " " " " " | 1-10-2004 | 39 | " |
| SERV. XER. -MANTEMENTO-LIMPEZA-VIXIANCIA | 5-05-1997 | 39 | " |
| " " " " " | 18-07-2005 | 39 | " |
| " " " " " | 10-05-2002 | 39 | " |
| " " " " " | 10-05-2002 | 39 | " |
| | 2-01-2002 | 39 | |
| " " " " " | 1-10-2004 | 39 | " |
| | 1-10-2004 | 39 | |
| | 1-04-2005 | 39 | |

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 634.164,83 euros con cargo á partida 4520.22709 do vixente Orzamento xeral e comprometerse a habilitar crédito presupostario nas contías necesarias para a execución do contrato e no caso de prórroga nos Presupostos dos anos 2010 a 2013.

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 122, 141 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

**ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formulan.

**E non habendo máis asuntos de que tratar, o Excmo. Sr. Alcalde dá por rematada a sesión, sendo as dez horas e quince minutos do expresado día catorce de xaneiro de dous mil nove, estendéndose a presente Acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local, transcribirase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas do Excmo. Sr. Alcalde e do Concelleiro-Secretario. De todo o cal, eu, Concelleiro-Secretario, dou fe.**

| | |
|---|---|
| **Cúmprase**<br>**O ALCALDE,** | **O CONCELLEIRO-SECRETARIO,** |
| **Asdo.: José Clemente López Orozco** | **Asdo.: Lino José González-Dopeso García** |